



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES CON MOTIVO DA XXII FESTA DO LACÓN CON GRELOS MESÓN DO VENTO 7 DE MARZO DE 2020

I.- OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do Concurso de Disfraces con motivo da XXII Festa do Lacón con Grelos en Mesón do Vento o 7 de marzo de 2020

II.- FINANCIAMENTO

O crédito para financiar os premios deste concurso atópanse contidos no orzamento vixente para este exercicio 2020 actualmente prorrogados de 2019: Actividades culturais, partida orzamentaria 338.480.00 por importe total de 1140€.

III.- PARTICIPANTES. CATEGORÍAS.

Poderán participar no concurso todas as persoas interesadas, de forma individual ou en grupo, nas categorías seguintes:

COMPARSAS: Grupo integrado por máis de cinco compoñentes.

- Adultos/as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

INDIVIDUAIS: ata un máximo de cinco persoas.

- Adultos/ as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

IV.- PREMIOS (NON SERÁN ACUMULATIVOS).

Os/as gañadores/as do concurso en cada unha das categorías e subcategorías obterán os premios seguintes:

COMPARSAS:

- Adultos/as:
1º premio: 300,00 euros.
2º premio: 200,00 euros.
3º premio: 150,00 euros.
- Infantís:
1º premio: 125,00 euros.
2º premio: 100,00 euros.
3º premio: 75,00 euros:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

INDIVIDUAIS:

- Adulto/a: 50,00€
- Infantil: 40,00€

PREMIO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES POR UN IMPORTE TOTAL DE 100€:

o xurado do concurso queda facultado para distribuir estes accésits segundo considere necesario e reservándose o dereito a declarar deserto os premios que considere oportuno por non acadar a calidade ou a participación suficiente.

V.- INSCRICIÓN

Prazo:

- Ata o día 3 de marzo inclusive, por rexistro de entrada no Concello de Ordes. (Deberá especificar o nome do disfrace ou comparsa, número de persoas que participan, se é infantil ou adultos/as, categoría na que participa, lugar de procedencia, persoa de contacto, teléfono e correo electrónico).

As persoas que queiran traer acompañamento musical o día do concurso, deberán facer chegar obrigatoriamente nese mesmo prazo a música en formato MP3 ao correo: **informatica@ordes.gal**

VI.-ENTREGA DE DORSAIS

-Todas as persoas participantes deberán recoller un dorsal o día do concurso entre as 16:00 e as 17:00 h no stand do Concello de Ordes situado na Nave do Mesón do Vento.

VII.- XURADO

O concurso de disfraces será resolto por un xurado integrado por 3 membros designados polo Alcalde-Presidente.

Actuará como Secretaria a técnica en xestión cultural da Mancomunidade de Ordes.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes:

- A orixinalidade e vistosidade no disfrace elixido.
- O esforzo no traballo realizado.
- A posta en escena cunha duración máxima de 3 minutos.
- A montaxe, a elaboración e os materiais empregados.
- O humor, ...

O persoal da organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde, a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas,...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

VIII.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A resolución do concurso realizarase previa reunión do xurado o día 7 de marzo de 2020 e a valoración dos/das participantes en cada unha das categorías, reflectíndose o resultado nunha acta levantada para o efecto.

IX.- ENTREGA DE PREMIOS

Finalizado o concurso entregarase un diploma a cada un dos/das gañadores/as , ingresándose o premio en metálico na conta bancaria sinalada no momento de realizar a inscrición.

X-TEMPO DE ACTUACION

-O tempo máximo de cada actuación é de **3 minutos**. As persoas participantes deberán axustarse obrigatoriamente a este tempo.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen reserva algunha.

Ordes, 15 de xaneiro de 2020

O Alcalde-Presidente

Jose Luis Martinez Sanjurjo